

1. Este libro está constituído por relatos que teñen entre si un mesmo tema: a morte. A verdade é que a maioría dos contos son totalmente fantásticos, como por exemplo "A casa azul" ou "O cadro asasinado". Neste último unha parella de pintores de óleo teñen un fillo que é ... Sinceramente, eu non remataría un libro con este relato porque penso que é o peor de todos, pero ben, iso depende do gusto do autor. Sen embargo pese a ser un tema pouco agradable o que se fala no libro, penso que os relatos en xeral están moi ben porque cando se comezan a ler nunca se sabe como os vai rematar Méndez Ferrín. Gustáronme moito varios relatos, como por exemplo "Os homes e a noite" no que se aprecia como inflúe na sociedade o diñeiro e que pasa cando lle sucede algo aos teus fillos. Tamén o de "O suso" no que este rapaz ... , pero sen embargo non quere morrer só. E finalmente, o que máis me gustou foi "A cabeza fendida". Pareceume un relato moi interesante, porque se supón que todo o mundo sabe que é o que ten que facer en certos casos, pero á hora da verdade é complicado e a xente ten medo. Isto foi o que lle pasou a Gustavo Comesaña, o xogador do Celta, que cando a súa noiva caeu do penedo e ..., el non sabía que ía facer e tivo medo de dicirlllo ao dono dun merendeiro. Finalmente optou por pedir unha ... Finalmente, penso que é un libro moi interesante no que se poden apreciar distintos puntos de vista dun tema global e un tanto utópico. **(Laura)**

2. Neste libro do autor Méndez Ferrín, escrito ao comezo da súa carreira literaria, os 10 relatos (uns moi breves, outros menos) teñen en común o tema sórdido, que adoita rematar coa morte, e o ambiente que rodea aos acontecementos, encadrado nunha atmosfera sombría con personaxes que sofren medos, incertezas e obsesións mentais e que levan a cabo actos que unha persoa normal non faría. O mellor de todos é, ao meu parecer, *O Suso*, debido a que na súa curta extensión (dúas páxinas) constrúe Méndez Ferrín un magnífico relato cun final sorprendente e coa temática coa que continuará o libro, é dicir, a mestura entre o real e os soños. Ao meu parecer, o libro comeza moi ben pois tanto este relato como "Os homes e a noite" parecéronme excelentes. Este último recordoume moito ao argumento dos relatos do libro "Erros e Tánatos", de Gonzalo Navaza, no que as personaxes se equivocan fatalmente e a historia remata cunha morte. O libro continúa con relatos nos que un protagonista, en xeral con problemas psicolóxicos, expresa as súas obsesións e os seus medos. Fascinoume a mestría do autor para crear unha atmosfera abafante e incómoda, cuberta por un aire de misterio. Pareceume un libro de relatos excelente e gocei moito coa súa lectura. **(Ramón Javier)**

3. *O Crepúsculo e as formigas* é un libro que consta de 10 relatos curtos nos que o final común é a morte. Gustoume moito este libro pola facilidade da súa lectura e porque penso que está moi ben escrito, que o autor realmente logra crear un ambiente de misterio, de mestura entre as fantasías, os soños e os medos persoais e a realidade. A verdade é que é un libro moi interesante e é realmente fascinante a mestura que fai o autor entre o real e o fantástico nalgúns relatos como por exemplo o de "unha chinche no teito", no que ao final o protagonista ... e "o cadro asasinado" no que dous pintores se torturan por matar ao ... un cadro monstruoso cunha risa espantosa. Aínda que tamén hai algúns relatos un pouco tétricos e demasiado fantásticos, como por exemplo "dúas cartas a Lou", que chega a dar un pouco de noxo. O que menos me gustou foi o de "Ramil, Ramil, vas morrer Ramil", pero creo que é un libro para ler e para pasar un moi bo rato. Sinceramente, este libro gustoume moitísimo e, repito, penso que é moi sorprendente e ao mesmo tempo un tanto desconcertante, porque ás veces non se sabe moi ben o que é real do que é pura imaxinación. **(Raquel)**

4. *O crepúsculo das formigas* é un dos poucos libros que lin de Méndez Ferrín que, persoalmente, gustoume moito xa que me pareceu moi interesante e intrigante e mesturou elementos reais con elementos irrealis con moita mestría. Este libro está composto por un conxunto de dez breves relatos, todos eles con trazos en común como son a morte, a violencia ... Aínda que ao comezo conta cun pequeno prólogo no que se xustifica o seu título. Penso que é un libro moi ben escrito, xa que describe cada situación de forma maxistral e é capaz de crear unha atmosfera de misterio, medo ... Un dos relatos que máis me gustou foi *O Suso*, xa que, a pesar da súa brevidade, pareceume moi enxeñoso. É quizais o que menos foi o de "dúas cartas a Lou" porque me resultou un pouco confuso e noxento. Sen dubidar recomendaría este libro, xa que é moi curto, fácil de ler cun vocabulario moi accesible. **(Noela)**

5. O libro é un conxunto de relatos curtos que como relación todos teñen o tema da morte. A meirande parte dos relatos son contos fantásticos, que nunca se poderían cumprir nin facer realidade. A moitos dos contos non lles encontro o sentido, como o da *casa azul*, que ao final do relato non se sabe que é ... A pesar de que non entenda ao cen por cen varios capítulos o libro enganhoume bastante, e tamén houbo bastantes capítulos que me gustaron, coma o primeiro, o do neno raptado e o do rapaz que vai o río cun señor maior e .. Finalizo dicindo que o libro é curto pero intenso e que me pareceu moi entretido en interesante **(Jorge)**

6. *O crepúsculo e as formigas* é un libro de relatos escrito por Méndez Ferrín onde o tema que relaciona os relatos é a morte. Persoalmente non me adoitan gustar moito os libros de relatos, pois sempre hai algún que non lle atopas moito

sentido. Neste caso gustoume bastante porque os relatos enténdense bastante ben. Quizá o que menos entendín foi "A casa azul" porque deixa o relato un pouco aberto, pois aínda que sabemos que alí é un lugar onde van as ... Un dos relatos que máis me gustou foi "A cabeza fendida" porque nos conta como ante unha situación que todos pensamos que saberíamos que facer ao final non é tan fácil como nós pensamos. Tamén me gustou bastante "Os homes e a noite" pois ao final do relato aprecio un gran valor do ser humano, e é que aínda que ese home ... para axudar a ... cando nos tocan o que máis nos doe as cousas cambian moito e nos damos conta dos nosos erros. En definitiva, penso que é un libro bastante entretido e fácil para ler e foi un dos libros de relatos que máis me gustou. **(Yolanda)**

7. O libro esta constituído por 10 relatos relacionados co tema da morte abordado dende moi distintos puntos de vista. Persoalmente gustoume moito, aínda que ten relatos que non comprendín moi ben, ou que te deixan adrede coa intriga de saber que pasou... a que se refire.... ou como continuará ... Os que máis me gustaron foron o de "Unha chinche durme no teito" e "A cabeza fendida", aínda que ambos teñen finais moi trágicos e bastante macabros ... "A casa azul" tamén me gustou por como o autor sabe narrar o conto sen deixarche saber o que é realmente "a casa azul", e o que conleva que unha ... vaia alí, e porque han de ir. Pola contra "O cadro asasinado" non me gustou, xa que parece unha tolería enorme e sen sentido. Este libro recoméndollo a case todo o mundo, pois é moi sinxelo de ler e moi ameno. **(Lúa do Mar)**

8. Este é un libro de relatos é moi entretido e un tanto irreal pero a pesar diso gustoume bastante. Nesta colección de relatos o autor, Xosé Luis Méndez Ferrín, insiste na creación dun ambiente de terror, onde as persoas camiñan como formigas en fila, movidas por forzas cegas que impoñen un trágico destino. O relato que máis me gustou foi o de "O Suso", no que se conta unha historia entre dous nenos que van ao río de noite e un ... e como o neno testemuña actúa posteriormente, correndo ata a súa casa. Os relatos están caracterizados pola súa brevidade, na maioría deles, ou densidade. Están apoiadas polas ocorrencias do discurso, que incorpora variados procedementos técnicos como o monólogo interior, a ruptura temporal... Aínda que moitos dos relatos son fantásticos, como é o caso de "A casa azul" ou "O cadro asasinado", nunca te esperas o final xa que o autor ten moita imaxinación e polo tanto, a pesar da súa duración, mantén a intriga de quen o está a ler. Dos poucos libros de relatos que lín, podo dicir que é dos mellores porque me gusta a extraordinaria capacidade que posúe o autor para darlle ese toque de tebras aos feitos e esa característica na forma de narrar que o diferencia dos demais escritores. Representa o panorama humano dominado pola fatalidade irracional onde personaxes e sucesos aparecen movidos por forzas internas profundas no que o destino do protagonista é trágico. Definitivamente, recomendo a lectura deste libro xa que é entretido e doado de ler cunha linguaxe bastante coloquial. **(Sara)**

9. O libro non me gustou demasiado pola marcado aire de loucura que está presente en tódolos relatos e que afecta á maioría dos protagonistas. A maior parte dos relatos rondan o tema da morte pero están tratados dende distintos puntos de vista (no relato "O Suso" un rapaz vai ver con outro ao río porque o outro di que... "O cadro asesino" unha parella pinta un rapaz no cadro o cal din caba sendo .. pero ao ser monstruoso deciden ..., algo totalmente irreal.) Principalmente gustoume o relato de "Os homes e a noite" pois fíxome graza que o pai ... ao raptor porque pensou que lle ... e ao final non era o seu ... o asasinado. O relato que menos me gustou foi o de "A cabeza fendida", resultoume moi pesado de rematar a pesares de que todos son moi curtos e non me gustou que ao final o futbolista ... En conclusión pareceume un libro un tanto aburrido pero moi entretido pola vision que ofrece sobre o tema da morte, que tan mal visto está na nosa sociedade na actualidade. **(Jorge)**

10. Moitos dos relatos non teñen un final resolto ou explicado, senón que deixa o final aberto para que o lector imaxine o que pode pasar. O relato que máis me gustou foi o de "cabeza fendida", aínda que como outros non ten un final no que se explique o por qué da situación; aínda así foi entretido. Por outro lado houbo outros como o de "A casa azul" ou "O cadro asasinado", os cales non os entendín moi ben. E outros coma o de "O Suso" non teñen concordancia xa que Suso que era o rapaz que o acompañou ao río, é o que aparece morto despois. Na miña opinión prefiro ler novelas que traten sobre un tema no lugar de relatos pequenos, xa que, cando te estás a enganchar á lectura xa remata o conto. **(Isaac)**

11. *O crepúsculo e as formigas* é un libro composto por dez relatos curtos, con historias diferentes e independentes entre elas. É un libro sinxelo de ler no que Méndez Ferrín xunta un tema tan común durante toda a novela como é o da morte con elementos imaxinativos. Isto podémolo observar na derradeira historia, "O cadro asesino". Nel unha parella de pintores rifan porque decidiron matar ao seu fillo, un monstruoso cadro. Gustáronme a meirande parte dos relatos aínda que destacaría "O Suso" e "A cabeza fendida". Neste último combínanse o tema da morte co do amor. En resumo, resultoume un libro moi entretido e ameno que sen dúbida recomendo aos meus compañeiros. **(Alba)**
O libro "O crepúsculo e as formigas" está formado por varios relatos nos que os temas principais son a violencia, a morte,..., temas que sen dubida algunha non son moi comúns nos libros que estamos acostumados a ler para esta materia. A verdade é que, aínda que ás veces me custou máis ler algúns dos relatos, parecéronme moi inxenosos e

interesantes. O que máis me gustou foi o de Suso o da Cabeza fendida, xa que este último fíxome pensar en como eu tivera actuado se me pasase algo semellante. Non entendín moi ben historias como a da Casa azul, na que non explica porque o home manda á súa muller a esa casa cando ... ou a do Cadro asasino, pois non se sabe moi ben a que se refiren cando falan do seu fillo. En xeral este libro gustoume bastante e pareceume moi orixinal no xeito de enfocar un tema tan diferente. **(Paula)**

12. Este libro é unha colección de relatos, relatos macabros e escuros que tratan un tema en común, a morte desde un punto de vista moi sórdido e fantasioso nalgúns deles. A maioría son relatos moi bos na miña opinión que non deixa ao lector indiferente. O relato "da cabeza fendida", por exemplo, non me deixou nada indiferente, cando morre a rapaza e ves que transcorre o relato e no lugar de buscar e atopar axuda como esperas, aínda que no fondo sabes o que vai pasar, váiseche encollendo o corazón. Outro como o de *Ramil* esta ben pero penso que rebaixa un pouco o nivel do resto de relatos xa que a pesar de que digo que me gustou Ferrín non foi capaz de darlle ese ambiente opresivo do resto de relatos. Por todo isto pode dicir que é unha das mellores, senón a mellor, colección de relatos que lin. **(Xoel)**

13. Este libro de Méndez Ferrín é un libro de relatos curtos, bastante entretido e fácil de ler. A verdade é que este libro ó principio pareceume un pouco raro e difícil de entender pero pouco a pouco funme afacendo e logrei ir colléndolle o ritmo ao curioso xeito de escribir e de estruturar os relatos. A pesar de ser tan curto a súa narración é intensa e logra cativar ao lector de maneira marabillosa. Na miña opinión é un libro de agradable lectura e recoméndollo a todos aqueles que queiran ler un libro ameno e que leva pouco tempo acabalo. **(Joaquín)**

14. O libro de Méndez Ferrín, *O crepúsculo es as formigas*, está formado por unha serie de relatos nos cales a morte é un sentimento de tristeza, na narración están sempre presentes. Os relatos que máis me gustaron foron "os homes e a noite" e "Ramil, Ramil, vas morrer Ramil". Deste último gustoume como cambiou a situación xa que en vez de morrer ...; e no primeiro resultou interesante como se deixou v.... o home por ... e como reaccionou ao saber que o neno ... "A casa azul" non rematei de entendela ben, por iso foi un dos que non me gustaron. Noutros relatos hai situacións confusas e ese aspecto fixo que non me gustaran eses relatos. En resume, o libro é interesante, fácil de ler e bastante entretido. **(Manuel)**

15. X.L Méndez Ferrín nármanos no libro diferentes relatos co tema principal da morte, aínda que mestura nel o fantástico, o macabro, o sufrimento, ... Nun vocabulario totalmente lexible, o autor mergúllanos nun mundo que ao principio seméllase ao real, pero ao rematar a historia, a maioría das veces non ten nada de real. É mester facerse unha idea anterior á lectura do texto sobre o seu tema, de non ser así, a medida que avancemos páxinas non ficará claro o que pretende o autor. A diferenza dos meus compañeiros, a min non me gustou o libro. Cavilar sobre a morte é difícil porque ninguén pode saber o que é realmente, pero non ten que ser de xeito tan macabro e nalgúns casos noxento, como describe o autor. Ao igual non entendín ben os textos e non comprendo a idea do autor. **(Adrián)**

16. Entre tanto libro de relatos voluntario neste ano, coido que este é un dos mellores. Poida que pola súa orixinalidade, pola súa redacción ás veces inintelixible, ou ben polos seus diversos modos de enfocar un tema ás veces tan serio, ás veces tan banal, como é a morte. Conta con distintos tipos de relato: por intres chega ata puntos mesmo sádicos, sen que os personaxes presenten ningunha postura ó respecto, e tamén existen sentimentos pouco normais por parte dos protagonistas ... Logo, por outra banda, atopamos a morte como algo máis feble, mas ... humano. Pode que quedase cunha certa intriga con respecto a algunha das historias, pero seguramente, cunha nova lectura, aclaranse moitas das dúbidas que reteño, fixándome un pouco máis nos dobres sentidos das frases. Agradoume a lectura, pareceume un libro sinxelo e ameno, que ten ademais o engadido de ser curto e propicio por se andamos algo curtos de tempo ... **(Xulia)**

17. Este libro é un conxunto de relatos que tratan historias moi comúns, relacionadas case todas coa morte. Aínda que eu prefiro ler un libro cunha soa historia, estes contos tampouco me desgustaron. Un deles foi "A Cabeza Fendida", pareceume un relato moi interesante e, á vez, menos fantástico que os outros. Sen embargo, "Duas Cartas a Lou" xa non me agradou tanto. Coma ese tamén hai outros que me pareceron un pouco complicados á hora de entender o seu final, coma o de "A Casa Azul". Aparte de iso, en xeral penso que é un libro con historias moi boas e entretidas á vez. Tamén me impresionou bastante os relatos tan curtos que aparecen e o ben que está contada a historia neles. Ademais teñen a característica de que cando empezas a lelos non chegas a imaxinar as voltas que pode dar cada conto, son sorprendentes. Aínda que o tema da morte e as historias tan curtas non me gustan demasiado, animo á xente a que o lea porque aparte de entretido e interesante, é curto, o que beneficia aos lectores. **(Verónica)**

18. Neste libro de Méndez Ferrín cóntanse arredor dunhas 10 historias, relacionadas todas elas cuns temas moi escuros á vez que é interesante. A cousa mais difícil é que algunhas historias non teñen o final tan claro coma outras, neste caso encóntrase "O Suso" xa que non se sabe o que sucedeu realmente. Outro relato foi o de "O diario" xa que é

moi difícil de entender. Outros son tan sinxelos que non os acabas de entender del todo coma "A casa azul". O mellor de todo é que é un libro moi curto, algúns relatos son curtos e outros máis longos, aínda que non se nota. E, como non temos case tempo, se agradece. **(Sara)**

19. A dicir verdade este libro non me gustou moito. De todos os que lin neste curso posiblemente o que menos. "O crepúsculo e as formigas" é un libro de Ferrín, que está constituído por relatos curtos onde o tema no cal xiran todos ó redor é a morte. Parecéronme todos un tanto macabros e sádicos, aínda que hai algúns cos que non quedas indiferente, como "A cabeza fendida", pois a verdade é que, a medida que vai transcorrendo o relato e vas lendo as cousas que lle pasan á rapaza, vaste entristecendo porque é o único que "transmite" un pouco, na miña opinión o máis triste e á vez o único que merece a pena do libro. Coñezo a Ferrín, e chamoume moito a atención a diferenza que hai entre a súa personalidade e a súa forma de escribir. Non teñen nada que ver. O libro paréceme lioso de ler e complicado, síntoo moito por Ferrín pero non o recomendo. **(Brandán A.)**

20. *O crepúsculo e as formigas* é unha novela de relatos de Xosé Luís Méndez Ferrín. Os relatos son fantasiosos e na súa maioría teñen un final trágico. Os relatos que máis me gustaron foron o de Suso, no que un rapaz, Suso, vai avisar a outro de que hai alguén morto no río. Ao chegar ao río, ... Outro que tamén me gustou moito e que xa lera hai un tempo foi *Unha chinche no teito*. A primeira vez que lin non entendera que o rapaz remataba ... O que máis me impactou foi o último. Nel narran a historia de dous pintores que un día decidiron facer un cadro dun rapaz... Ao final rematan ..., pensando que acaban de ... O libro é moi curto, pero o vocabulario ás veces foime un pouco difícil de entender. A pesar diso, eu recomendo ler o libro. **(Sara)**

21. Este libro consta de dez relatos curtos e independentes entre si. Todos eles teñen en común os temas da morte, a fatalidade e o macabro e incluso a fantasía (como no relato dos pintores que ..., o cadro. Onde a realidade e a fantasía están moi presentes). Non me gustou tanto o que di, malia ter relatos con bo argumento, senón como o di. Porque o que realmente fai atractivo o libro e a forma de escribir que ten o autor de maneira que a lectura se fai moi amena. Un bo capítulo sería o de "O Suso", no que dous nenos van ao río e un deles ... É un capítulo curto pero intenso. A pesares de ser algo macabro pareceume un bo libro de relatos. **(Luís)**

22. O libro *O crepúsculo e as formigas* pareceume moi entretido, como xa dixen co anterior comentario de *As humanas proporcións*, este tipo de libros (os de relatos refirome), encántanme, parécenme tan entretidos e tan diferentes unhas historias doutras que non me canso de ler e iso facilitame moito a lectura. Está claro que unhas historias son máis entretidas e emocionantes que outras, coma por exemplo... *O Suso*, esa historia encantoume, pero o máis sorprendente de todo foi que, cando eu andaba na E.S.O (en 1º para concretar), no libro de texto de lingua galega tiñamos un fragmento que leramos na clase da historia, concretamente a parte na que este lle tiraba pedras ao protagonista na ventá para que espertase e o acompañase ao lago... cando cheguei a ler ata aí encantoume a idea de pensar que sabería o final da historia que no libro de texto non aparecía. Ou sexa, esa historia foi a que máis me gustou, chea de misterio e emoción ata o último intre (entre outras tamén moi entretidas, coma *Os homes ea noite* ou *A cabeza fendida*, ese tamén foi realmente sorprendente, eu realmente non esperaba un final tan ... e tan repentino...). O libro en xeral está moi ben, moi interesante e fácil de ler. Gustoume moito, coma todos os libros de relatos nos que nunca sabes o final e podes esperararte calquera cousa, eu, por exemplo, mentres leo xa vou imaxinando o final; é superior a min... Recomendaría este tipo de libros a calquera que lle gusten os finais inesperados, a min agradoume moito. **(Déborah)**

23. *O crepúsculo e as formigas* foi un libro que non me chamou moito a atención. Consta de 10 relatos cun final común: a morte. Os temas dos relatos non son moi agradables e algúns deles non teñen moita lóxica ou persoalmente non souben interpretalos correctamente. Non é un libro que enganche pero é moi fácil de ler. Pódese ler en pouco tempo e ten un vocabulario moi fácil. **(Amalia)**

24. Este libro gustoume moito pola diversidade de relatos e a súa facilidade na lectura, todos estes teñen un tema en común a morte, que se presenta encadrada en todos os relatos que constitúen o libro. Ademais ao comezar a ler un calquera destes relatos non sabemos como vai ser este final, con isto quero dicir que aínda que se aprecie que o tema principal é a morte non sabemos ata rematar o libro se esta ha de estar presente en todos os relatos. A verdade é que son todos bastante amenos a pesar do final trágico que aparece en todos eles, o que menos me gustou foi o de "cadro asasinado", posto que é un libro que no ten moito sentido, xa que fala de unha parella que ten como fillo ... Un dos que máis me gustou foi o de "Non escoites a Giovanna" posto que me pareceu o máis interesante e o que tiña máis gancho; un que tamén está moi ben é o da *Casa azul* que o autor non nomea en ningún momento o que se fai nesta casa pero podemos deducir o que acontece nela, xa que o home dunha muller ... En definitiva, podo dicir deste libro que é moi fácil de ler, e dá moito que pensar, recoméndovos a todos este libro posto que é un dos mellores que lin en lingua galega. **(Ángela)**

25. Este libro, realizado por X.L. Méndez Ferrín no inicio da súa carreira como escritor, está composto por dez relatos de distinta extensión nos que aborda temas relacionados coa morte, a violencia, etc. Os protagonistas destes relatos adoitan ser persoas solitarias, pouco sociables, tímidas e con numerosos problemas nas súas vidas. Por exemplo, no relato titulado "Unha chinche durme no teito" un estudante da universidade de Santiago pásase os días pechado na súa habitación tras coñecer a morte da súa nai. Na miña opinión, os relatos máis imaxinativos, e ao mesmo tempo os máis irrealis e difíciles de comprender, son "O Suso" e "Dúas cartas a Lou". No primeiro dous rapaces camiñan pola beira dun río buscando a outro ... En canto ao segundo, un rapaz envíalle unha carta a súa moza contándolle que o ... En conclusión, este libro gustoume bastante, principalmente porque é moi fácil de ler e porque nel Méndez Ferrín mestura marabillosamente realidade e fantasía. **(Jorge)**

26. Este libro de X.L.Méndez está un libro composto por once curtos relatos, pero na miña non son moi interesantes e por iso non me gustou moito. A única historia que me gustou algo foi *Dúas cartas a Lou*, na que relata unha historia dun home que coñeceu unha velliña e o seu fillo, pero despois dun tempo a velliña ...; gustoume porque me pareceu moi divertido. Os recursos expresivos que utiliza o autor son vigorosos e cheos de imaxinación e fantasía. Ademais o libro móstranos varias diferentes formas de vivir e de ver a vida. **(SHUQING)**

27. *O crepúsculo e as formigas* é unha das primeiras obras escritas polo gran narrador contemporáneo, Xosé Luís Méndez Ferrín. Está considerado un dos títulos con que a nosa narrativa se incorporaba á modernidade europea dos anos sesenta. Ao longo dos dez relatos do libro o narrador, coma se fose un espectador distante, vai dando conta dos acontecementos vividos por unha serie de persoas que camiñan en fileira a modo de formigas, movidas por unhas forzas internas e fondas, cara un destino irremediamente trágico. O propio autor no texto inicial que fai de prólogo, preséntasenos como un observador dende unha fiestra chea de bafo á hora do crepúsculo dunha vila cargada por unha lixeira brétema. Supoño que deste xeito dá pé á creación destes relatos nos que se mestura a realidade coa fantasía.

A miña historia favorita foi a de *O Suso*, porque nunhas poucas liñas é capaz de dicir moito, e pode ter varias interpretacións. Por unha banda, o Suso puido escoller a Manoliño para ... Pero por outra tamén puido ser unha ... Dende o principio a propia descrición do Suso aporta connotacións de morte: "ollos de animal de baixo terra, opacos, fixos", "deime de conta de que as pegadas do Suso non erguían absolutamente ningún bruído"... En xeral, son relatos de doada comprensión en canto ao léxico pero de difícil interpretación temática. Non cabe dúbida de que é unha gran obra. **(Iago)**

28. *O crepúsculo e as formigas* é un libro de relatos, todos eles diferentes e independentes. A maioría dos relatos son demasiado ficticios e irrealis, como o derradeiro, unha parella de pintores que discute porque mataran Pero coído que no fondo todos tratan o tema da morte ou temas referentes á situación dos personaxes, como os seus medos e as súas obsesións. En resumo, foi un libro no que algúns relatos me gustaron pero non é do me gusto, aínda que recomendaríallo ás persoas que lles guste ler libros de relatos. **(Tamara)**

29. *O crepúsculo e as formigas* é un libro de relatos curtos que se caracterizan por ter un final trágico. O relato que máis me gustou foi "O Suso" no que un rapaz aparece ... O que menos me gustou foi o último relato. Nel unha parella de pintores teñen un fillo que é ... En conclusión, é un libro moi fácil de ler ademais de ser moi entretido. **(Daniel)**